

ACTÚA! A TÚA VOZ LIBERA.

Se estas sendo obxecto dunha situación de trata, ou pensas que alguén o é, non o dubides e contacta:

LOCAL

- Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello de Santiago. **660 309 731**
- Policía Local **092 | 981 542 323**

ESTATAL

Atención as 24 horas

- TELÉFONO DE EMERXENCIAS: **112**
- POLICÍA NACIONAL: Atención especializada a vítimas de trata:
900 10 50 90 | 091 | trata@policia.es
- GARDA CIVIL: **062 | trata@guardiacivil.es**
- TELÉFONO DE ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO **016**
- TELÉFONO DA MULLER **900 400 273**



www.cimcompostela.gal



cimcompostela.gal

TOMA NOTA: SE CALAS, TAMÉN TRATAS

18 DE OUTUBRO, DÍA EUROPEO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS



DENUNCIA, APOIA, ROMPE O SILENCIO.
A TÚA VOZ LIBERA

900 10 50 90 | 091 | 062



www.cimcompostela.gal

TOMA NOTA: SE CALAS TAMÉN É TRATA



DE QUE ESTAMOS A FALAR?

A **TRATA DE PERSOAS** é un delito que viola os dereitos humanos, atenta contra a dignidade, integridade e liberdade das persoas.

Consiste na “**captación, transporte, traslado, acollida ou recepción de persoas, empregando as ameazas, uso da forza ou outras formas de coacción, secuestro, fraude, engano, abuso de poder ou situación de vulnerabilidade...**, con fins de explotación. (Protocolo para prever, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos/os, que complementa á Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional. Art. 3 a).

PERO, PARA QUÉ?

- Tráfico de órganos, tecidos e células.
- Adopción ilegal de nenas, nenos e persoas adolescentes.
- Mendicidade forzada ou servil.
- Matrimonio forzado
- Actividades con fins delituosos.
- Explotación sexual, incluída a pornografía.
- Traballo ou servizos forzados.

En Europa, a trata de persoas é un dos negocios ilícitos máis lucrativos, abastécese de mulleres, homes, nenas e nenos , que se converten en mercancía, obxectos explotados e comerciados.

TOMA NOTA:

En Europa...

- Foron detectadas **10.793** vítimas de trata na UE en 2023, o que supón un **incremento do 6,9%** con respecto a 2022, e o número máis alto desde 2008.
- **63%** das vítimas eran **mulleres ou nenas**, mantendo unha tendencia constante
- As **vítimas de trata infantís** detectadas representaron o **38 % do total** .
Rexístrase un **incremento do 31 %** entre 2019 e 2022.

NO ESTADO...

Durante o 2024:

- Rexístrase un **aumento do 22% de vítimas** con respecto ao 2023.
- **1.151** persoas sufriron **explotación laboral** das 10 eran menores.
- Identificáronse **632 vítimas** de trata de **explotación sexual** , (256 por trata e 376 por explotación), o **98%** eran mulleres, 15 eran nenas e 1 neno..
- A trata para **matrimonios forzados** chegou a súa incidencia máis alta con **8 vítimas, todas mulleres, 6 delas menores de idade.**
- Segundo datos estatais, Galiza no último lustro, rexistra o **31% dos casos de mendicidade forzada.**

OLLA CON ATENCIÓN

EVOLUCIÓN DA TRATA NO ESTADO ESPAÑOL 2022-2024

Ano	Vítimas liberadas	Redes desarticuladas	Detencións	Menores
2022	1.180	78	402	26
2023	1.466	109	923	18
2024	1.794	110	966	32

Fonte: Ministerio do Interior – CITCO (2022-2024)

Estas cifras revelan a magnitude do fenómeno e a súa clara dimensión e relación coa violencia de xénero. Amosan que segue a ser unha realidade oculta, pero cada vez máis visible grazas á denuncia e á colaboración cidadá.

Fontes: • Informe Global UNODC 2024 • Resumo executivo 2024 do Ministerio do Interior/CITCO

SIGNOS OU INDICIOS QUE CON FRECUENCIA PODEN AXUDAR A IDENTIFICAR POSIBLES VÍTIMAS DE TRATA.

- Non teñen control dos seus documentos (pasaporte, DNI, permisos)
- Evitan falar ou mirar directamente, parecen ter medo ou estar baixo vixilancia.
- Non se lles permite falar libremente.
- Viven no mesmo lugar onde traballan, ou en condicións insalubres e sobrepoboadas.
- Non saben exactamente onde están ou din que “non poden marchar”.
- Traballan moitas horas, sen descanso, contrato nin salario xusto.
- Presentan sinais de violencia física ou psicolóxica.
- Dependenden totalmente doutra persoa para desprazarse, comer ou comunicarse.
- Mostran medo ás autoridades ou desconfianza ante profesionais sanitarios ou sociais.
- Non teñen liberdade de movemento nin elección, incluso en cuestións persoais (roupa, horarios, amizades).